

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

- 1454** *Real decreto 36/2010, do 15 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e se regula o estatuto concesional da rede de expendedorías de tabaco e timbre.*

A Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, introduciu importantes novidades na ordenación deste mercado ata entón regulado pola Lei 38/1985, do 22 de novembro, do monopolio fiscal de tabacos, manifestadas fundamentalmente na recepción no noso ordenamento de principios liberalizadores en relación coas fases de fabricación, importación e distribución por xunto de elaborados de tabaco e na creación dun órgano, o Comisionado para o Mercado de Tabacos, que salvagarda a aplicación dos criterios de neutralidade no dito mercado e as condicións de libre competencia efectiva, o que, por outro lado, se promovía desde a citada Lei 13/1998, do 4 de maio, a través da regulación que efectúa das condicións de actuación no mercado ao retallo orientado á consagración dos ditos principios e os de carácter sanitario evitando presións comerciais incompatibles con estes.

O Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, e regula o estatuto concesional da rede de expendedorías de tabaco e timbre, foi modificado polo Real decreto 1/2007, do 12 de xaneiro.

Con posterioridade, a aprobación da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (en diante Directiva de servizos), fai preciso impulsar unha dinamización profunda do sector servizos, a través da aplicación dos principios da directiva e da eliminación do maior número posible de restricións ao libre acceso e exercicio das actividades de servizos. A necesidade de incorporación deses principios dinamizadores ao ordenamento xurídico español é unha das causas que motivan a aprobación da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Polo que respecta ao mercado de tabacos, efectuouse un exercicio de avaliación da normativa reguladora que permitiu identificar unha serie das barreiras que restrinxen inxustificadamente o acceso e exercicio ás actividades de fabricación, importación e comercio por xunto de elaborados de tabaco. A consecuencia diso, a Lei 13/1998, do 4 de maio, viuse afectada polo artigo 43 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, norma que incorpora parcialmente a citada directiva ao ordenamento xurídico español. Con esta modificación perséguese adaptar o marco regulatorio deste sector facéndoo máis transparente, predicible e favorable para a actividade económica, o impulso da modernización das administracións públicas para responder ás necesidades de empresas e consumidores, e garantir unha mellor protección dos dereitos dos consumidores e usuarios destes servizos.

Nese contexto, para os efectos de adaptar a normativa regulamentaria ao artigo 43 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, é no que se elabora este real decreto, de cuxa regulación destacan os seguintes aspectos:

No título I do Real decreto 1199/1999, referido á fabricación, importación e comercio por xunto, adaptáronse as medidas establecidas na Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e elimináronse toda unha serie de trabas administrativas que non favorecían a entrada no mercado de novos prestadores de servizos (fundamentalmente

nos artigos 3, 4 e 5). Desta forma, desaparece a licenza para as actividades de comercio por xunto, e exíxese, simplemente, unha declaración responsable do comerciante por xunto sobre a súa intención de iniciar a actividade, onde ademais poña de manifesto o seu compromiso de cumprir a normativa vixente. Transcorridos 15 días desde a notificación da intención de iniciar a actividade sen que se producise reparo por parte da Administración, o comerciante por xunto estará habilitado para actuar no mercado.

Por outro lado, desaparecen obrigas de acreditación específicas para a extinta licenza, como a de solvencia financeira, a capacidade técnica ou empresarial ou a acreditación dos medios de transporte que se utilizarán no caso dos distribuidores, dado que ese tipo de condicionantes os exige o mercado de forma obxectiva e non debe intervir a Administración neses puntos.

Nos artigos 1 e 2 elimináronse as referencias ás licenzas e adecuouse a súa redacción ao novo réxime de habilitación mediante presentación de declaración responsable.

Polo que respecta ao rexistro de operadores (artigo 6), elimínase a referencia ao prazo de tres anos de vixencia da licenza, e a habilitación pasa a ter carácter permanente. Así mesmo, arbítrase unha solución específica para as relacións entre a normativa de impostos especiais e a normativa do mercado, e créase un certificado de inscrición que permitirá a posterior actuación da Axencia Tributaria.

No artigo 15 elimínase a referencia ás licenzas e adecuase a súa redacción ao novo réxime de habilitación mediante presentación de declaración responsable.

Substitúese igualmente a exigencia de autorización por parte do Comisionado para o Mercado de Tabacos das condicións de crédito, aprazamento de pagamento e distribución aplicables aos expendedores por un réxime de mera comunicación previa (artigos 17, 18 e 19).

Por último, o título III do Real decreto 1199/1999, dedicado ás infraccións e sancións, é o título menos afectado por esta nova redacción (artigos 53 e 55), dado que neste ámbito se limita a adaptar o real decreto aos cambios introducidos na Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, eliminando nos artigos 53.4 e 55.1 toda referencia a autorización ou licenza, prevéndose especificamente a extinción da habilitación.

Inclúese, así mesmo, unha disposición derogatoria única que declara derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto no real decreto.

A disposición transitoria única prevé o réxime transitorio das licenzas e establece que os titulares de licenzas en vigor para a fabricación, importación e distribución por xunto de elaborados de tabaco obterán automaticamente a condición de habilitados e serán inscritos de oficio no rexistro regulado no artigo 6 do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo. Así mesmo, prevé que os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor da norma se tramitarán e resolverán conforme a normativa vixente no momento da presentación da solicitude, aínda que o interesado poderá desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa.

Pola súa parte, a disposición derradeira primeira recorda que o real decreto incorpora parcialmente ao ordenamento interno a Directiva de servizos.

A disposición derradeira segunda faculta a vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda para ditar as disposicións regulamentarias precisas para a actualización do modelo de declaración responsable aprobado mediante o real decreto, mentres que a disposición derradeira terceira prevé a entrada en vigor da norma o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Consecuentemente co disposto na disposición derradeira primeira da Lei 13/1998, do 4 de maio, na cal «se autoriza o Goberno para ditar as disposicións regulamentarias precisas para o desenvolvemento desta lei e para actualizar a contía das sancións, así como para establecer o estatuto do Comisionado para o Mercado de Tabacos e o estatuto concesional da rede de expendedorías de tabaco e timbre», e na disposición derradeira terceira da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa

adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e para conseguir a maior eficacia e o mellor funcionamento do mercado, convén proceder ao seu desenvolvemento regulamentario.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de xaneiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria e se regula o Estatuto concesional da rede de expendedorías de tabaco e timbre.*

O Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, que desenvolve a Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria e regula o Estatuto concesional da rede de expendedorías de tabaco e timbre, modifícase nos seguintes termos:

Un.–O artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 1. *Liberalización do mercado de tabacos.*

Un. De acordo co previsto no artigo 1 da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, calquera persoa física ou xurídica, con capacidade legal para o exercicio do comercio, poderá realizar as actividades de fabricación, importación e comercialización por xunto de elaborados de tabaco manufacturado, calquera que for a súa procedencia, nas condicións establecidas neste regulamento.

Dous. As condicións establecidas neste regulamento en materia de habilitacións para a fabricación, importación e distribución por xunto e concesións e autorizacións para o comercio ao retallo ou as súas condicións para o exercicio da actividade, non serán de aplicación nas illas Canarias.

Tres. Corresponden ao Ministerio de Economía e Facenda, a través do organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos, as facultades de inspección e control do cumprimento, por parte dos que realicen as actividades a que se refire o punto un anterior, do establecido neste real decreto e nas súas normas de desenvolvemento.»

Dous.–O artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 2. *Causas xerais de incapacidade para ser operador.*

Un. Non poderán desenvolver as actividades mencionadas no punto un do artigo anterior os que estean incurso nalguna das seguintes situacións:

a) Ter solicitado a declaración de concurso, ter sido declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, estar suxeitas a intervención xudicial ou ter sido inhabilitadas conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, ou incurso en procedementos de constrinximento como debedor de calquera Administración pública.

b) Ter sido condenado ou sancionado mediante sentenza firme ou resolución administrativa de igual carácter por delito ou infracción administrativa de contrabando ou por delito contra a Facenda Pública.

c) Ser titular dunha expendedoría de tabaco e timbre, dunha autorización de punto de venda con recarga, ou dunha expendedoría de tabacos de réxime especial das previstas na disposición adicional sétima da Lei 13/1998, do 4 de maio.

Dous. A concorrencia dalgunha delas determinará a inmediata extinción da correspondente habilitación. Igual norma será aplicable para o suposto de que se acreditase a falsidade dos documentos e datos en virtude dos cales se obtivese a habilitación. En ambos os supostos se requirirá a instrución de expediente por parte do Comisionado para o Mercado de Tabacos e a audiencia do interesado.»

Nos supostos da letra b) do número un anterior, como medida provisional e ponderadas as circunstancias do caso, o Comisionado poderá suspender provisionalmente e ata a conclusión do expediente a actividade de fabricación, importación ou distribución do operador inculpado.

Tres.—O artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3. *Réxime xurídico da fabricación de elaborados de tabaco.*

Un. A instalación de novas fábricas para a produción de elaborados de tabaco será libre, sempre que se cumpran os requisitos xerais establecidos nas normas para a apertura daquelas e os demais exixidos pola lexislación vixente.

Dous. Ademais do anterior, o establecemento de novos fabricantes requirirá a presentación dunha declaración responsable ante o Comisionado para o Mercado de Tabacos que, no prazo máximo de 15 días desde a súa presentación, poderá acordar motivadamente a súa ineficacia, logo da verificación da idoneidade das condicións de almacenamento dos elaborados producidos, que se acreditará mediante a achega de:

a) Os planos dos almacéns, con indicación, mediando o suficiente detalle, das condicións previstas de seguridade, reconto e movemento dos elaborados, do cumprimento das medidas exhibibles en relación co almacenamento non frigorífico de produtos alimenticios e a indicación das disposicións previstas para o almacenamento que permitan a fácil comprobación do produto depositado e dos seus movementos.

b) Unha memoria descritiva dos elaborados que se van fabricar, incluíndo unha previsión do volume de fabricación.

Xunto coa citada declaración responsable, e como consecuencia do establecido no Convenio marco da OMS para o Control do Tabaco e no Protocolo sobre comercio ilícito de produtos do tabaco, presentarase en cada caso a documentación xustificativa establecida neste real decreto.

O citado prazo de 15 días terá carácter suspensivo e non se poderá iniciar a actividade ata que o Comisionado para o Mercado de Tabacos non finalice no dito prazo o seu labor de verificación.

Tres. O modelo de declaración responsable a que se fai mención no número segundo deste artigo, incluído no anexo deste real decreto, conterá, polo menos, os datos identificativos do prestador, a manifestación de vontade do interesado de desenvolver a actividade de fabricación por xunto de elaborados de tabaco, incluíndo o compromiso expreso de cumprir co réxime xurídico aplicable á dita actividade, e en particular coas obrigas fiscais relativas aos impostos especiais, de dispoñer da documentación que acredita o dito cumprimento e de mantelo durante a vixencia da actividade, de non estar incurso nas causas que inhabilitan para ser operador establecidas no artigo 1.dous da Lei 13/1998 e no artigo 2 deste real decreto, e de comunicar calquera variación dos datos e documentos achegados nese momento inicial ao Comisionado para o Mercado de Tabacos.

O trámite da declaración responsable poderase realizar a través do portelo único regulado na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Catro. Os fabricantes que, se é o caso, desexen exercer as actividades de importación e/ou distribución por xunto de elaborados de tabaco, deberán formular

a correspondente declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos que para o exercicio de tales actividades establece este real decreto.»

Catro.—O artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 4. *Réxime xurídico da importación de elaborados de tabaco.*

Un. A importación ou introdución definitiva en territorio español de elaborados de tabaco será libre, logo de presentación dunha declaración responsable ante o Comisionado para o Mercado de Tabacos que, no prazo máximo de 15 días desde a súa presentación, poderá acordar motivadamente a súa ineficacia, tras verificar a dispoñibilidade de almacéns, propios ou contratados, que permitan o correcto almacenamento, e en condicións de seguridade, dos produtos, así como a fácil comprobación pola Administración dos elaborados almacenados, a súa orixe e os seus movementos. Para tal fin, o interesado deberá achegar os planos dos almacéns con indicación das condicións de seguridade dos produtos.

De asegurar o importador a remisión directa do produto ao almacén de calquera dos fabricantes ou distribuidores por xunto rexistrados no Comisionado para o Mercado de Tabacos, o interesado deberá indicar o fabricante ou distribuidor por xunto habilitado a cuxos almacéns se van remitir directamente os elaborados importados, así como unha copia do contrato suscrito para tal fin e a aceptación do fabricante ou distribuidor por xunto a que fai referencia o número 2 do artigo 15 deste real decreto.

O citado prazo de 15 días terá carácter suspensivo e non se poderá iniciar a actividade ata que o Comisionado para o Mercado de Tabacos non finalice no dito prazo o seu labor de verificación.

A declaración responsable, cuxo modelo se inclúe no anexo deste real decreto, deberá conter polo menos o establecido no número tres do artigo 3 desta norma.

Dous. O previsto no número anterior non será aplicable ás importacións de tabaco elaborado en réxime de viaxeiros, que se regulará pola súa normativa alfandegueira específica, nin ás importacións ocasionais do dito produto con fins de análise, prospección de mercados e similares, que deberán ser autorizadas polo Comisionado, logo de xustificación suficiente da súa necesidade.

En calquera caso, a habilitación para ser importador de elaborados de tabaco non exclúe o cumprimento, para cada expedición en concreto, dos requisitos que puidesen ser exixibles conforme a lexislación alfandegueira ou a reguladora do comercio exterior.»

Cinco.—O artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 5. *Réxime xurídico do comercio por xunto de elaborados de tabaco.*

A habilitación para a comercialización ou distribución por xunto de elaborados de tabaco requirirá a presentación dunha declaración responsable ante o Comisionado para o Mercado de Tabacos que, no prazo máximo de 15 días desde a súa presentación, poderá acordar motivadamente a súa ineficacia, tras verificar a dispoñibilidade de almacéns, propios ou contratados, que permitan o correcto almacenamento, e en condicións de seguridade, dos produtos, así como a fácil comprobación pola Administración dos elaborados almacenados, a súa orixe e os seus movementos.

Para tal fin, o interesado deberá achegar os planos das instalacións e a xustificación documental da propiedade ou o seu contrato, con descrición das condicións de seguridade dos produtos.

O citado prazo de 15 días terá carácter suspensivo e non se poderá iniciar a actividade ata que o Comisionado para o Mercado de Tabacos non finalice no dito prazo o seu labor de verificación.

A declaración responsable, cuxo modelo se inclúe no anexo deste real decreto, deberá conter polo menos o establecido no número tres do artigo 3 desta norma.»
Seis.—O artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 6. *Rexistro de operadores.*

Un. O Comisionado para o Mercado de Tabacos, logo de verificación dos requisitos correspondentes ou, en todo caso, tras o transcurso do prazo de 15 días desde a presentación da declaración responsable, inscribirá de oficio os habilitados nun rexistro, no cal constarán os datos das persoas e entidades habilitadas, e asignaralles un número de identificación que deberá figurar en todos os documentos referentes a elas.

Dous. As habilitacións terán carácter permanente, sen prexuízo da súa posible extinción por perda sobrevida dos requisitos exhibibles ou como consecuencia da comisión dunha infracción moi grave. En ambos os casos se requirirá a previa instrución dun procedemento por parte do Comisionado para o Mercado de Tabacos.

Tres. Para os efectos da acreditación exigida pola normativa de impostos especiais, o Comisionado para o Mercado de Tabacos informará de oficio o Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais de toda inscrición practicada no correspondente rexistro.»

Sete.—O artigo 15 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 15. *Obrigas materiais dos importadores.*

Os importadores con habilitación, no exercicio da súa actividade, estarán obrigados a:

Un. Permitir o acceso aos seus almacéns e instalacións ao persoal ao servizo do Comisionado e prestar a máxima colaboración para o cumprimento das súas funcións.

Dous. Asegurar o correcto almacenamento dos produtos importados dentro do territorio alfandegueiro español.

No suposto de que o importador fixese uso da posibilidade de remitir directa e inmediatamente os produtos ao almacén dun fabricante ou distribuidor por xunto, deberá, con carácter previo, presentar ante o Comisionado documento suscrito polo destinatario en que se comprometa á recepción dos xéneros, sexa respecto dunha expedición concreta, sexa respecto das que teñan lugar nun período de tempo determinado e en cantidade máxima tamén determinada.

Tres. Os importadores deberán garantir que os seus produtos cheguen ao ámbito territorial a que se refire o artigo 1, número un, da Lei 13/1998, sempre que exista demanda deles.»

Oito.—O artigo 17 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 17. *Obrigas materiais dos distribuidores por xunto. Regras xerais.*

No exercicio da súa actividade, os distribuidores por xunto de elaborados de tabaco están suxeitos ao cumprimento das seguintes obrigas:

1. Subministrar elaborados de tabaco exclusivamente ás expendedorías de tabaco e timbre situadas no ámbito territorial a que se estende a súa habilitación, aos prezos establecidos para a venda ao público con dedución da marxe do expendedor que corresponda de acordo coa normativa vixente, sen conceder ningún tipo de bonificacións ou incentivos.

2. Subministrar aos expendedores os elaborados de tabaco que lles soliciten, en condicións similares de servizo e de prazo de entrega e non discriminatorias entre os distintos expendedores.

3. Aplicar a todos os expendedores as mesmas condicións de crédito ou aprazamento de pagamento dentro dos límites fixados neste regulamento e logo de comunicación ao Comisionado de tales condicións, que no prazo de dez días desde a súa recepción poderá acordar motivadamente a súa non eficacia, logo de verificación da súa adecuación aos citados límites, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que ten atribuídas.

4. Axustarse na publicidade e promoción dos elaborados do tabaco ao disposto na lei e neste real decreto.

5. Asegurar, con ocasión da distribución de pedidos, a comunicación ás expendedorías das circulares que, para tal fin, lle confie o Comisionado, en particular as relativas ás modificacións de prezos dos produtos ou á fixación dos prezos dos de nova comercialización.

6. Almacenar os elaborados de tabaco en adecuadas condicións para a súa conservación e de forma illada con respecto a outros produtos non compatibles ou que puideren dificultar o control dos seus movementos.»

Novo.—O artigo 18 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 18. *Distribución de elaborados.*

Un. O comerciante por xunto subministrará os elaborados cuxa distribución realice con regularidade e garantía de cobertura das subministracións, en similares condicións de servizo e prazos de entrega para todos os expendedores.

Enténdese por regularidade a subministración coa periodicidade fixada no número dous seguinte e, ademais, sempre que o pedido alcance o mínimo establecido no número tres deste artigo, aínda que non transcorrese o período máximo de subministración.

Dous. O pedido deberá atenderse no lugar onde radique a expendedoría no prazo máximo de seis días naturais desde a súa formulación. Poderase complementar ou substituír este sistema aberto de subministración por un sistema de subministración de data predeterminada ou de ruta fixa cunha periodicidade de quince días ou inferior.

Os gastos que orixine o sistema de subministración de data predeterminada ou de ruta fixa serán sempre por conta do distribuidor. No sistema de subministración aberto serán pola súa conta os gastos correspondentes aos primeiros vinte e catro pedidos do ano.

Excepcionalmente, o Comisionado poderá autorizar, por petición do correspondente distribuidor, a aplicación de prazos máis dilatados de servizo para o caso de expendedorías con baixo nivel de volume de operacións.

Tres. O importe mínimo do pedido de distribución obrigatoria será o sinalado en cada caso polo fabricante como unidade mínima de venda a expendedorías. As discrepancias neste punto entre fabricantes e distribuidores ou cos expendedores serán resoltas polo Comisionado combinando adecuadamente os criterios exixidos polo principio do servizo público e de economía na distribución.

Catro. Independentemente do consignado nos números anteriores deste artigo, as condicións xerais de distribución ás expendedorías serán obxecto, por petición do correspondente distribuidor, de previa comunicación ao Comisionado, que no prazo de dez días desde a súa recepción poderá acordar motivadamente a súa non eficacia logo de verificación da súa adecuación ás condicións de distribución establecidas neste artigo sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que ten atribuídas. Así mesmo, serán obxecto de comunicación previa nos termos anteriormente previstos as modificacións que, se é o caso, se introduzan nas ditas condicións xerais, que serán admisibles sempre que melloren as condicións de servizo previstas neste artigo.

Cinco. O expendedor disporá de quince días para comprobar a cantidade, calidade e identificación dos produtos recibidos.

En caso de que tivesen calquera defecto, non imputable á súa actuación ou á de terceiras persoas das cales non deba responder, poderá proceder á súa devolución.

O distribuidor disporá de dez días para verificar a reclamación, repoiñendo ou aboando con carácter inmediato a mercadoría ao expendedor, se for procedente.»

Dez.—O artigo 19 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 19. *Condicións de crédito e financiamento na distribución.*

Os prazos de pagamento e calquera outra condición de crédito ao expendedor estableceraos libremente o comerciante por xunto, logo de comunicación ao Comisionado, que no prazo de dez días desde a súa recepción poderá acordar motivadamente a súa non eficacia, logo de verificación da súa adecuación aos seguintes límites e sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que ten atribuídas:

a) O período máximo susceptible de ser financiado coincidirá co período máximo homologado entre subministracións, no caso de se adaptar o sistema de subministración de data predeterminada ou ruta fixa, e co prazo de reposición do produto no sistema aberto de subministración.

b) No caso de aplicación de prazos especiais, o período máximo de financiamento coincidirá co prazo entre subministracións autorizado.

c) A existencia de non pagamentos ou evidencias razoables de tal posibilidade autorizarán o distribuidor a suspender o financiamento do expendedor ata a normalización das circunstancias.

d) Malia o disposto nas letras a) e b) anteriores, o Comisionado para o Mercado de Tabacos poderá autorizar prazos de financiamento que excedan o de reposición dos produtos, sempre que, tendo en conta as condicións do mercado, o dito organismo non advirta a posibilidade de existencia de supostos de retribución indirecta para o expendedor pola dita vía.»

Once.—O artigo 53 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 53. *Infraccións graves.*

Constitúen infraccións graves:

1. O falseamento ou a falta inxustificada de comunicación, dentro dos prazos que fixe o presidente do Comisionado para o Mercado de Tabacos, dos documentos, datos ou informacións que deban proporcionar os operadores para os fins propios do Comisionado para o Mercado de Tabacos, ou dos proxectos de campañas e plans de publicidade, ou da documentación e orzamentos das promocións realizados.

2. Non realizar os distribuidores por xunto as subministracións de elaborados de tabaco nas condicións previstas nos números catro e cinco do artigo 3 da lei e correlativos deste regulamento ou a negativa de subministración sen causa xustificada. Para estes efectos, considérase causa xustificada, entre outras que se poidan acreditar ante o Comisionado para o Mercado de Tabacos, a existencia reiterada de pagamentos pendentes ao distribuidor por importe superior á media mensual do total das vendas realizadas polo expendedor no ano inmediatamente anterior.

3. A resistencia, negativa ou obstrución á acción inspectora do Comisionado para o Mercado de Tabacos respecto ao cumprimento polos suxeitos intervinientes no sector das obrigas impostas pola lei.

4. A obtención por parte de fabricantes, importadores ou distribuidores por xunto de elaborados procedentes de provedores distintos dos habilitados, así como a subministración en igual forma irregular, sempre que, en ambos os casos, tales

accións non sexan cualificadas polos órganos competentes como delitos ou infraccións de contrabando.»

Doce.—O artigo 55 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 55. *Sancións.*

As infraccións a que se refiren os artigos 52 a 54 anteriores serán sancionadas na forma seguinte:

1. As infraccións moi graves coa extinción da habilitación aos fabricantes, importadores ou distribuidores por xunto ou con multa entre 120.202,42 e 300.506,05 euros.
2. As infraccións graves con multa desde 12.020,24 ata 120.202,42 euros.
3. As infraccións leves con multa de ata 12.020,24 euros.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Na data de entrada en vigor deste real decreto quedarán derogadas todas as disposicións de igual ou menor rango que se opoñan ao disposto nel.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio das licenzas.*

1. Os titulares de licenzas en vigor para a fabricación, importación e distribución por xunto de elaborados de tabaco obterán automaticamente a condición de habilitados para a fabricación, importación e distribución por xunto de elaborados de tabaco e serán inscritos de oficio no rexistro regulado no artigo 6 do Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Operadores.

2. Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto tramitaranse e resolveranse de acordo coa normativa vixente no momento da presentación da solicitude.

Non obstante, o interesado poderá, con anterioridade á resolución, desistir formalmente da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2006/123/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase a vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda para ditar as disposicións regulamentarias precisas para a actualización do modelo de declaración responsable aprobado mediante este real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de xaneiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno
e ministra de Economía e Facenda,
ELENA SALGADO MÉNDEZ

ANEXO

Modelo de declaración responsable para os fabricantes, importadores e distribuidores por xunto de elaborados de tabaco

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS FABRICANTES, IMPORTADORES E DISTRIBUIDORES POR XUNTO DE ELABORADOS DE TABACO

Nome e apelidos/razón social:
NIF/CIF/NIE
Domicilio de notificación:
Representante:
NIF/CIF/NIE
Manifesta, baixo a súa responsabilidade *, a súa vontade de desenvolver a actividade de fabricación/importación/distribución por xunto (rísquese o que non proceda) de elaborados de tabaco e comprométese expresamente a cumprir co réxime xurídico aplicable á dita actividade, e en particular coas obrigas fiscais relativas aos impostos especiais, a dispoñer da documentación que acredita o dito cumprimento, a mantelo durante a vixencia da actividade, a non estar incurso nas causas que inhabilitan para ser operador, establecida no artigo 1.dous da Lei 13/1998 e no artigo 2 do Real decreto 1199/1999, e a comunicar calquera variación dos datos e documentos achegados neste momento inicial ao Comisionado para o Mercado de Tabacos.

Xunto con esta declaración responsable, e conforme o establecido nos artigos 3, 4 e 5 do Real decreto 1199/1999, preséntase a seguinte documentación xustificativa:

1 Para fabricantes de elaborados de tabaco:

- Os planos dos almacéns, con indicación, mediando o suficiente detalle, das condicións previstas de seguridade, reconto e movemento dos elaborados, do cumprimento das medidas exixibles en relación co almacenamento non frigorífico de produtos alimenticios e a indicación das disposicións previstas para o almacenamento que permitan a fácil comprobación do produto depositado e dos seus movementos.
- Unha memoria descritiva dos elaborados que se van fabricar, incluíndo unha previsión do volume de fabricación.

2 Para importadores de elaborados de tabaco:

- De dispoñer de almacéns, propios ou contratados, deberanse achegar os planos dos almacéns con indicación das condicións de seguridade dos produtos, que permitan o correcto almacenamento, e en condicións de seguridade, dos produtos así como a fácil comprobación pola Administración dos elaborados almacenados, a súa orixe e os seus movementos.
- De se remitir directamente o produto ao almacén de calquera dos fabricantes ou distribuidores por xunto habilitados para tal fin, deberá indicar o fabricante ou distribuidor por xunto a cuxos almacéns se van remitir directamente os elaborados importados, así como unha copia do contrato suscrito para o efecto e a aceptación do fabricante ou distribuidor por xunto a que fai referencia o número 2 do artigo 15 do Real decreto 1199/1999.

3. Para os distribuidores por xunto de tabaco:

- Os planos das instalacións dispoñibles ou contratadas, e a xustificación documental da propiedade ou o seu contrato, con descrición das condicións de seguridade dos produtos, que permitan o correcto almacenamento, e en condicións de seguridade, dos produtos así como a fácil comprobación pola Administración dos elaborados almacenados, a súa orixe e os seus movementos.

Data e sinatura:

* Mediante esta declaración manifesta expresamente coñecer que o incumprimento do disposto nesta declaración poderá dar lugar ás responsabilidades establecidas no artigo 7 da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria e demais normativa sectorial.